

XORNADAS PODA DE RESPECTO

A fin última das estratexias de economía circular é poder chegar a aumentar a vida útil dos produtos que consumimons, hai casos en que ese aumento da vida útil se plasmará na reutilización do total ou parte deses produtos en novas cadeas de valor e noutros casos, como o que nos ocupa, nun aspecto máis literal á hora de artellar estratexias que permitan que os medios productivos poida seguir producindo un periodo de tempo maior.

No caso da viña, as actuacións realizadas nos últimos 30 anos en busca dun maior volumen de uva están a causar unha diminución da vida útil das cepas. A busca do adianto do periodo de plena produccion, as podas moi agresivas e a dependencia da fertilización química son as causas principais deste fenómeno. Se nas viñas vellas aínda podemos identificar unha masa importante de cepas con idades superiores ós 80 anos, nas novas plantacións a idade media hai que rebaixala ata uns escasos 25 anos.

A poda de respecto configúrase como un remedio efectivo para evitar a morte prematura das cepas ó deixar que as mesmas desenvolvan de xeito natural todo o seu potencial, cuidando o cultivo, evitando feridas innecesarias e aumentando de xeito significativo a vida productiva útil das viñas.

Vernes 6 de marzo:

Xornada teórica.(por determinar lugar, a DO propón a casa da cultura).

16:00-20:00

- + Conceptos básicos de fisioloxía da vide e poda.
- + As feridas de poda e os conos de desecación.
- + Poda de respecto.
- + Tipos e técnicas de poda.
- + Xestión do equilibrio mediante a poda,
- + Poda de formación.
- + Erros común durante a poda.

*Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro. Instituto Ourenzano de Desenvolvemento Económico
Exma Deputación Provincial de Ourense.*

*Explanada Pavillón Deportes s/n. 32630 Xinzo de Limia. Ourense
Telf.: 988317949. E-mail: dirección.centroagrogandeiro@inorde.com*

Sábado 7 de marzo:

Xornada práctica. Finca do INORDE (Deputación) detrás do Castelo de Monterrei.

41°56'58.1"N 7°27'01.1"W

<https://maps.app.goo.gl/yqYe8BJp98rspJAn7>

10:00-14:00

+ Desenvolvemento en campo dos conceptos teóricos.

Poñentes:

+ Enrique Santiago Perez Espiño. Enxeñeiro Agrícola. Técnico DO. Valdeorras.

+ Ricardo Dobao Macía. Enxeñeiro Agrícola. Director Técnico Adega A Coroa.

Esta xornada formativa enmárcase na actividade 3, *Accions Piloto de solucións Sistémicas*, do proxecto europeo 0035_CIRCULAR_ECOSYSTEMS_6_E: “Ecosistemas territoriales y soluciones sistémicas de economía circular par prevenir la contaminación”, que o INORDE gestiona en colaboración coa Fundación Patrimonio Natural de Castilla y León, o ayuntamiento de Valladolid, a Diputación de Avila, o municipio de Guimaraes e o municipio de Matosinhos.